

Nº: 5-671



PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Estadio Multiusos de San Lázaro - 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA - Teléfono 54 26 20 - Telefax 54 26 38

REFERENCIA: PR946A 97/25-1

SOLICITANTE: CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS

DOCUMENTO: PR946A.601

XUNTA DE GALICIA	
PRESIDENCIA	
Secretaría Xeral para o Deporte	
Entrada
Saída	163
Data	15 MAYO 1997

NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Notifícase que por Resolución de 15 de maio de 1997 do Ilmo. Sr. Secretario Xeral para o Deporte, dada de conformidade coa Lei 10/1990 Xeral do deporte (B.O.E - 17-10-1990), e Ordes de 17 de Maio de 1983 (D.O.G.) de 3-6-83) e de 20 de Novembro de 1986 (D.O.G de 5-12-86), e demais normativa aplicable, ese Clube foi inscrito no Rexistro de Clubes, Federacións e Entidades Deportivas de Galicia, co nº. 5.445.

Así mesmo, e a tenor do establecido no artigo 9º da Orde de 17 de maio de 1983, deberán comunicar e solicita-la inscrición neste Rexistro, dos cambios e alteracións dese clube que se produzan con relación ós datos consignados (cambios na Xunta Directiva, cambio de denominación, modificación dos Estatutos, enderezos sociais, etc..).


Achégaselle, para constancia e arquivo na Secretaría dese Clube Deportivo, copia dos Estatutos sociais, Acta Fundacional, e relación da Xunta Directiva.

Santiago, 15 de maio de 1997

SECCIÓN DE REGISTRO DE CLUBES E ASUNTOS XURIDICOS,

Asdo: Belarmino García Martínez

SR. PRESIDENTE DO C. CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS



ACTA DE APROBACION DOS ESTATUTOS DO CLUBE:

CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS

Nome do Clube

D. JOSE MANUEL BOQUETE RODRIGUEZ

Secretario do Clube CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS

CERTIFICO:

Que en Asemblea Xeral deste Clube celebrada en O CALVARIO
o día 18 de ABRIL de 1997, aprobáronse por unanimidade
os Estatutos polos que se rexerá o mencionado Clube.

Para que conste, asino a presente en QUEIXAS
DEZAQITO de ABRIL
noventa e SETE de mil novecentos

Vº Bº

O PRESIDENTE



ESTATUTOS DO CLUBE:

CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS

(Nome do Clube)

CAPITULO I:

NORMAS XERAIS:

Artigo 1º - O/A CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS

e unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que ten como obxecto exclusivo o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º - O/A CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS *practicará como principal modalidade deportiva a de* FUTBOL
afiliarase á Federación Galega de FUTBOL *e someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.*

O/A CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS *practicará así mesmo as modalidades deportivas de* FUTBOL
e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes que se adscribirán ás respectivas Federacións, sen perxuício de que a Asemblea Xeral poida acordar a creación doutras Seccións Deportivas.

Artigo 3º - O/A CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS

someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

- a) *Non poderá destina-los seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo, nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse íntegramente á conservación do seu obxecto social.*
- b) *Poderán fomentar manifestacións de carácter físico deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.*
- c) *O/A* CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS *poderá gravar e enaxenar bens inmoables, tomar cartos a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:*

Ricardo Pallas
Ricardo Pallas
Ricardo Pallas



- 1.- Que se autoricen tais operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.
- 2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constitua o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo se poderá esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.
- 3.- Cando se trate de tomar a préstamo en contía superior ó 50% do presuposto anual ou que represente unha porcentaxe igual do valor do patrimonio, así como nos supostos de emisións de títulos, requirirá informe da Federación e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 4º - O/A CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS poderá recibir libremente doacións que non excedan da cantidade de 500.000 Pts. No suposto de doacións que superen esta cantidade será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 5º - O domicilio Social do/da CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS

fixase na rúa O CALVARIO

nº 20 poboación QUEIXAS (CERCEDA) C.P. I5I86

provincia A CORUÑA teléfono 69-30-44

A xunta directiva, por maioría dos seus membros e cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá de ser notificado ós socios, Rexistro de Clubes da Secretaría Xeral para o Deporte e Organismos que proceda.


O/A CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS

tamén contará cos seguintes locais e instalacións propias:

CAMPO DE FUTBOL



Ricardo Pallas
Ricardo Pallas
Ricardo Pallas



CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISION, DEREITOS E OBRIGACIONS

Artigo 6º - O número de socios será ilimitado. A Xunta Directiva poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o exixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 7º - Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cuota social establecida.

Os menores de 18 anos de un e outro sexo, clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cuota que fixe a Comisión Directiva e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Comisión Directiva confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.

Artigo 8º -

1.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuir ó cumprimento dos fins específicos da asociación.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación.
- d) Coñece-las actividades da Asociación e examina-la súa documentación, previa petición razoada á Xunta Directiva.
- e) Expor libremente as súas opinións no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

2.- Son obrigacións dos socios de número:

- a) Aboa-las cuotas que esixa a Xunta Directiva.
- b) Contribuir ó sostemento e difusión do deporte ou deportes da sociedade.
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bo goberno da sociedade.



(3)
Ricardo Pallas

David Requero

Antonia de la...

que de adm.
satisfe

3.- Os socios aspirantes terán dereito a disfrutar dos servicios e instalacións sociais da Asociación.

4.- Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutar daqueles servicios e instalacións que se determinen, previo pago da cuota fixada.

artigo 9º - Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- * Te-la idade sinalada para cada unha delas.
- * Solicitud por escrito dirixida á Xunta Directiva.
- * Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

Artigo 10º - A condición de socio pérdese:

- * Por vontade propia.
- * Por falta de pago das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.

CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO



Artigo 11º -

Son Organos de representación e goberno de CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 12º -

1.- A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte, ó fronte da que haberá un Presidente e da que formará parte un Secretario e un Tesoureiro.

2.- O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos válidamente adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

3.- Corresponden á Xunta directiva as seguintes atribucións:

- a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade, así como nas competicións que se organicen.
- b) Convocar por medio do seu Presidente, á Asemblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
- c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periódicas que deban satisfacerse.

Ante

Jose
Ricardo Pallas

(4)
Ricardo Pallas

Rodrigo Requero



- d) Redactar e reforma-los regulamentos de réxime interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
- e) Nomea-las persoas que teñan de dirixi-las distintas comisións que se creen, así como organiza-las actividades do Clube.
- f) Formular inventario e balance anual, así como redacta-la memoria anual da Sociedade e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas e económicas do clube.
- g) Aproba-lo cambio de domicilio social do Clube nos termos previstos no artigo 5º.

Artigo 13º

1.- A Xunta Directiva quedará válidamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concurrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso do Presidente ou Vice-Presidente.

2.- A Xunta Directiva convocarase pola súa Presidencia con dous días de antelación como mínimo, á data de celebración. Tamén se poderá convocar a petición de tres ou máis dos seus membros.

Artigo 14º

A Xunta Directiva quedará tamén válidamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.

Artigo 15º

1.- O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da Asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º

O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de rexistro de Asociados e o Libro de Actas.

Artigo 17º

A elección dos membros da Xunta Directiva, efectuarase por un período de catro anos, coincidindo con períodos olímpicos, renovándose, por metade, cada dous anos. A primeira renovación non afectará ó Presidente nin ó Tesoureiro. Tódolos cargos directivos son reelegibles.


Artigo 18º

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.



Antonio Seo

(5)
 Ricardo Pallas
 David Requero



2.- *As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda convocatoria, será suficiente a concorrencia dunha cuarta parte dos asociados, e en terceira e última convocatoria quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, como mínimo, quince días naturais.*

Artigo 19º

A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez por cento, ó menos, dos socios de número.

1.- *A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:*

- a) *Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.*
- b) *Presuposto para o seguinte exercicio.*
- c) *Proxecto e propostas da directiva.*
- d) *Proposicións que formulen os socios e que terán de ir asinadas ó menos, polo cinco por cento dos mesmos.*
- e) *Rogos e Preguntas.*

2.- *Terá de se celebrar Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección de Xunta Directiva, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alicuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación de cuotas dos socios.*

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º

O réxime documental da Asociación, constará dos seguintes libros: de Asociados, de Actas e de Contabilidade.

Artigo 21º

No libro de Rexistro de Asociados, terán de consta-los nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación. Tamén hanse especifica-las datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

Ricardo Pallas (6)

[Handwritten signature]



Artigo 22º

Nos libros de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán de estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º

Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obragacións, e ingresos e gastos da Asociación, debéndose precisa-la procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO V

DA EMISION DE TITULOS DE DEBEDA OU DE PARTE ALICUOTA PATRIMONIAL

Artigo 24º

1.- O/A CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS poderá emitir títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial.

2.- Os títulos serán nominativos.

Artigo 25º

1.- Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2.- En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 26º

Os títulos de débeda só poderanse subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 27º

Os títulos de parte alicuota patrimonial han ser asemade, ~~subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.~~

Artigo 28º

Os títulos de débeda e parte alicuota patrimonial serán transferidos únicamente entre os que teñan a condición de socios.



[Handwritten signatures and names]
Ricardo Pallas⁽⁷⁾
~~...~~
~~...~~



CAPITULO VI

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE

Artigo 29º

Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derogar, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas, os mesmos trámites administrativos que para a súa aprobación.

Artigo 30º

O/A CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS extinguirase ou disolverase por acordo de: a) dos dous tercios dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto b) por sentenza xudicial c) por outras causas legalmente determinadas.

Artigo 31º

Disolto O/A CLUBE CULTURAL E DEPORTIVO QUEIXAS o remanente do seu patrimonio social, se houbera, revertirá á colectividade, comunicándose tal disolución á Secretaría Xeral para o Deporte e á Federación Galega, que acordará o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades Físico-Deportivas.

Amador

[Handwritten signature]

[Handwritten signature] Ricardo Pallas⁽⁸⁾

[Handwritten signature] Paula Regueiro



RESOLUCIÓN: Esténdoa para facer constar que os presentes Estatutos
da C. CULTURAL E DEPORTIVO OUEIXAS

Nº 5.445

foron inscritos de conformidade co disposto no Decreto nº. 62/1983
de 21 de Abril, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 47, de data
13 Maio de 1983; e o Art. 18 da Lei Xeral do Deporte
(BOE 17-10-80).

Santiago, 15 de Maio de 19 97.

SECCIÓN REGISTRO CLUBS E ASUNTOS XURÍDICOS





CONCELLO
DE
CERCEDA
(A CORUÑA)



Núm.

A medio da presente comunícolle que este Concello de Cerceda, propietario do Campo de Fútbol da "Revolta" sito en Queixas e do que dista desta Casa Consistorial en 7 Kms., lle autoriza ó Clube Cultural Deportivo Queixas a disputar tódolos partidos de fútbol que celebre dito Clube.

Cerceda, 18 de xuño de 1997

O ALCALDE



Asdo. José García Liñares.

1900
NOV 03

